

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE DECEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día un de decembro de 2021, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación de patrocinio publicitario co Club baloncesto Breogán Sad. Expte ref. 2021-C005-000022.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra "Demoliciones y renovación de servicios y peatonalización de la rúa Pintor Luis Seoane de Lugo". Exp. ref. 2021-C002-000007.

Do mesmo, xeito acórdase a prórroga do contrato de prestación do servizo de cociña, comedor e lavandería para a escola infantil municipal "Gregorio Sanz" do Concello de Lugo. Exp. ref. 2020-C003-000044.

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación de patrocinio publicitario co Club Deportivo Lugo Sad. Expte ref. 2021-C005-000036.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración de luminarias para instalacións de alumeadado público na zona rural do Concello de Lugo e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2021-C004-000036.

Acórdase a delegación de competencias na Tenenta de Alcadesa de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de tódolos actos de trámite e resolutivos en relación cos procedementos administrativos de contratación e autorizacións de dominio público relativos ás Festas de Nadal 2021-22.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac2325926439901516354.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 1-12-2021

2. PERSOAL.- Acórdase a modificación dos membros do tribunal cualificador e persoal colaborador do proceso selectivo para o acceso en propiedade a doce prazas de bombeiro/a condutor/a pertencentes ao cadro de persoal funcionario do excmo. concello de Lugo, quenda libre (3 incluídas na ope 2017, 3 incluídas na Oep 2018 e 6 incluídas na Oep 2020) quenda libre.

Tamén se acorda o incremento retributivo do 0.9 % con efectos do 01/01/2021, previsto na lei 11/2020, do 30 de decembro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2021.

Acórdase a adscripción por saúde a un traballador ao posto de oficial conductor no Parque Móbil.

Tamén se acorda a aprobación da oferta de emprego público do Concello de Lugo para o ano 2021.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobación da Memoria-Programa de rehabilitación no recinto de Lugo, fase XVI. Aprobación do texto do "Acordo da comisión bilateral, relativo á Área de rexeneración e renovación urbana casco histórico de Lugo. Fase XVI. Concello de Lugo. Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de vivenda 2018-2021. Anualidade 2021".

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase aprobar a licenza urbanística para reforma e ampliación de edificio para hotel de catro estrelas, con 89 habitacións, que se executa ó abeiro da licenza número 346/19, na rúa Marina Española, número 29 (expte: 2021/Y001/000200).

Tamén se acorda denegar as licenzas urbanísticas: para rehabilitación vivenda unifamiliar no núcleo rural de Bocamaos (expte: 2020/Y001/000352); para a construción dunha área de servizo a implantar na Campiña-Zarra, (estrada N-640) expte: 67/18) e para ampliación en planta primeira en 24 m2 de vivenda unifamiliar con modificación da configuración da fachada, na rúa Fermín Rivera, número 8 (expte: 2020/Y001/000240).

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.